

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Bolsas de emprego

CONVOCATORIA E BASES PARA CONSTITUCIÓN NOVA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE SAF

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía núm. 254/2020, de data 13.11.2020, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha nova bolsa de emprego (3ª) para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal laboral e as posibles vacantes subseguintes, ante a perda de vixencia da bolsa de emprego anteriormente constituída no ano 2018, e actualmente prorrogada tras o estado de alarma decretado pola pandemia do COVID-19.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

“BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NO CONCELLO DE ARBO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Entendese por bolsa de traballo un sistema para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal; eventual por circunstancias da produción e de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do Estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do Servizo municipal de Axuda no Fogar .

SEGUNDA: FUNCÍONS OU TRABALLOS A REALIZAR:

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Arbo vixente.

TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO:

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

- De interinidade: Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.
- Por acumulación de tarefas.

CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS:

A súa duración é temporal e en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial; segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Arbo.

QUINTA: XORNADA DE TRABALLO:

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 37 horas e 30 minutos semanais de luns a venres; fixándose o horario de maneira flexible segundo as necesidades do Servizo.

SEXTA: RETRIBUCIÓN:

As retribucións básicas serán as correspondentes o grupo de titulación do posto ofertado.

SÉTIMA: PUBLICIDADE

No taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e no BOP da provincia de Pontevedra, publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo. Os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados con este proceso publicaranse no taboleiro e na páxina web.

Tamén se publicará anuncio da convocatoria no periódico Atlántico Diario e no BOP da provincia de Pontevedra.



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

*OITAVA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**Requisitos:*

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b). Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c).-Posuír permiso de condución B1 e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse dentro do termo municipal .

d). Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

e). Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f). -Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Conforme o Decreto 99/2012, a partir do 1 de xaneiro de 2016 será requisito indispensable estar en posesión do certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio ou do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas a domicilio (R.D. 1379/2008), de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos Socioculturais e á comunidade ou título de Formación Profesional Regrada (Ciclo Medio) Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. No caso de titulación obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Arbo. Presentaranse debidamente cubertas a través do Rexistro da Sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal/registro>), no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Arbo ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; durante o prazo de DEZ DÍAS, contados dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da convocatoria, Atlántico Diario ou BOP da provincia de Pontevedra.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude, a seguinte dirección de correo electrónico: registro@concellodearbo.gal.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Arbo e na páxina web do concello.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WPW3AN1FF9V87TNL



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

a) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Fotocopia compulsada do título habilitado, segundo a ORDE do 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes as categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda a domicilio y asistente/a persoal dos centros e Servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención a dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A este efecto, considéranse os seguintes títulos e certificados:

- Técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, de 13 de xullo, ou título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, de 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do Acordo de 19 de outubro de 2017, se atopasen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda a domicilio.
- Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas en el Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou equivalente certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

c) Fotocopia compulsada do Permiso de conducir

d) Fotocopia compulsada da Documentación acreditativa dos méritos alegados

e) Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).

f) Copia compulsada dos méritos alegados.

g) Documentación acreditativa das cargas familiares para o caso de empate.

Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WPW3AN1FF9V87TNL



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

DÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía se aprobará a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal. Concederáse un prazo de dez días hábiles para reclamacións, si as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación xustificativa do currículo ou méritos alegados nin se aceptará documentación algunha para completar dito currículo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

UNDECIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA:

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía, de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Os membros da Comisión deberanse aterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores a publicación desta convocatoria.

A resolución de alcaldía cos membros do tribunal cualificador exporase ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, xunto coa listaxe provisional de admitidos e excluídos.

DUODECIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección, será de Concurso de méritos.



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

BAREMO DE MÉRITOS:

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

Criterios xerais:

- Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de remate de presentación de solicitudes.
- Acreditáranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismo convocante.
- A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de 16 puntos.

*Criterios específicos:**1- Formación:*

Estar en posesión de cursos formativos homologados de auxiliar de axuda a domicilio ou asistencia socio sanitaria a persoas no domicilio, auxiliar de enfermería en xeriatría, coidador de discapacitados físicos e psíquicos, cursos de xerontoloxía, de atención de persoas dependentes, ou outros equivalentes impartidos polas diferentes administracións ou organismos oficiais competentes. Ata un máximo de 5 puntos segundo o baremo seguinte:

- Por cursos ou xornadas nos que non veñan especificadas o nº de horas: 0,05 puntos por curso ou xornada.
- Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas: 0,10 pto/curso
- Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas: 0,50 pto/curso
- Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 1,00 pto/curso
- Por cada curso de duración de máis de 100 horas lectivas: 2,00 pto/curso
- Por estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos o ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos (2 puntos).

Quedan excluídos aqueles que xa se esixan como requisito de titulación.

2- Experiencia profesional:

Puntuarase ata un máximo de 10 puntos, consonte a seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes de servizo) non se computarán servizos inferiores a un mes.
- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0,05 puntos/mes de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes.



No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas. Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3- Coñecemento da lingua galega:

Puntuarase ata un máximo 1 punto.

- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 1 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,20 puntos
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,40 puntos
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente (iniciación) segundo validacións oficialmente establecidas: 0,60 puntos
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou equivalente (perfeccionamento) segundo validacións oficialmente establecidas: 0,80 puntos
- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 5 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 puntos

DÉCIMOTERCEIRA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES:

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios aspirantes primará o que teña máis experiencia laboral en primeiro lugar, de persistir o empate ao que teña máis puntuación en formación, e de persistir o que teña máis cargas familiares.

A dita acta publicárase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Arbo e na páxina web do concello ordenada de maior a menor puntuación, o resultado da puntuación acadada en cada un dos apartado de méritos referidos.

DECIMOCUARTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, a Comisión seleccionadora confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista exporase no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

En caso de empate na puntuación, resolverase en función dos seguintes criterios:

- A solicitante do sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarrepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Parados/as de longa duración con cargas familiares
- Desempregados/as maiores de 45 anos En caso de persistir o empate, resolverase mediante sorteo.

DECIMOQUINTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO

Os aspirantes que superen o correspondente procedemento de baremación integrarán a bolsa e figurarán por orde de preferencia para os chamamentos; orde que se establecera en función da puntuación obtida no proceso de baremación.

De cada aspirante consignarase o seu nome, apelidos e puntuación obtida na bolsa, e unha vez finalice dito contrato de traballo volverá a causar alta na bolsa de emprego, no último posto da mesma, non renovando a baremación tras o tempo efectivamente prestado no servizo ata a nova convocatoria pública da bolsa.

A bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para contratacións laborais temporais, funcionará de acordo coas seguintes normas:

1. Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta; realizando tres chamadas telefónicas o/a candidato/a, cun intervalo de media hora entre cada chamada telefónica .

A realización dos chamamentos na forma indicada requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación o número de teléfono, no caso de consignar máis de un número deberá especificar a orde de preferencia. A aceptación da oferta efectuarase por vía telefónica. En caso de urxente necesidade, as tres chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento.

Para a correcta localización das persoas candidatas, os integrantes da bolsa estarán obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado.

En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase á seguinte persoa aspirante; pasando este/a ó final da lista. No expediente



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

administrativo deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflectira a data, hora/s das chamadas telefónicas e a resposta que se recibiu.

Se a persoa renuncia ao posto ofertado terá a obriga de remitir a súa renuncia por escrito; e remitíndoa por correo, Fax ou presentala no rexistro municipal; no prazo de 3 días hábiles. .

2. Situación na Bolsa de Traballo.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o contrato para a que son chamados finaliza, retornarán ao último posto do grupo.

Ás persoas integrantes da Bolsa de Traballo que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación non se presentasen ou renunciases a esta sen xustificación suficiente, seralles de aplicación o disposto no apartado 4º Renuncias. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

3. Nomeamentos e Cesamentos.

Poderán realizarse contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou, excepcionalmente, nomeamentos interinos para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc, e sexa imprescindible o nomeamento interino para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través de informe dos servizos sociais básicos e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para dito sector prioritario para o funcionamento deste servizo público esencial.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da Bolsa de Traballo, o Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. Previamente ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención municipal.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

4.-Renuncias:

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

- Primeira e segunda renuncia sen presentación da xustificación correspondente, o aspirante situarase ao final da lista .



- Terceira renuncia: sen xustificación, o aspirante causa baixa definitiva na bolsa de emprego e a imposibilidade de incluírse de novo na mesma.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego aqueles/as aspirantes, que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Por atoparse traballando para o Concello no momento do chamamento; manténdosele o mesmo lugar na bolsa.
- Atoparse traballando, con contrato en vigor; deberá acreditar tal situación no prazo máximo de tres días . Cando se produzan estas situacións considerase en suspenso, recuperando a situación de dispoñible cando comunique ou acredite a nova situación.
- Por motivos de saúde ou maternidade, circunstancias que acreditará mediante xustificante do Sistema Público de Saúde. En tanto non acredite a desaparición das referidas circunstancias e a posterior dispoñibilidade para aceptar ofertas, non se volverá a realizarlle chamamento, quedando en situación de suspensión. Unha vez desaparecida a circunstancia do rexeitamento, o aspirante deberá acreditala.
- Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

5.-Causas de exclusión:

- Por vontade propia do aspirante.
- Por ter presentado en tempo e forma a documentación necesaria de acordo con estas bases.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

O/A aspirante seleccionado/a, no prazo de tres días naturais desde a sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó

Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

- Declaración responsable de estar en posesión do permiso de conducir en vigor e dispor dun coche para poder desprazarse dentro do termo municipal.

Quedarán condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación no prazo indicado.

DÉCIMOSEXTA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de dous anos de vixencia establecido neste base.

DECIMOSÉTIMA:

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, á Comisión seleccionadora e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DECIMOÓITAVA: APROBACIÓN

As presentes bases serán aprobadas polo Sr. Alcalde.

DECIMONOVENA: IMPUGNACIÓN:

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao Contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En Arbo, O Alcalde,



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

ANEXO I-MODELO DE INSTANCIA

D./D^a....., maior de idade, con DNI
e con domicilio a efectos de notificacións en.....
..... e número/s de teléfono/s/...../.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliares de axuda no fogar.

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
2. Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
3. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
4. Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1 e dispor dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

SOLICITA:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte no proceso de selección para o acceso á Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar.

Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos requiridos.

AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina Web do Concello.

En, a de de 20....

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARBO.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WPW3AN1FF9V87TNL



Mércores, 25 de novembro de 2020

Núm. 228

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Arbo relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.”

Contra as presentes bases, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello de Arbo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo até que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente o 17.11.2020

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WPW3AN1FF9V87TNL

